

FIÓDOR DOSTOIEVSKI

Noites brancas

Tradución de Rosana Murias e Maria Tolstaia



*... E se creado foi por mor
de oxalá ficar un intre
veciño ao teu corazón?...*

Iván Turguénev

NOITE PRIMEIRA

Era unha noite marabillosa, unha desas noites que só poden darse cando somos mozos, estimado lector. O ceo estaba tan estrelado, tan luminoso, que ao ollar para el preguntábase un sen quere-lo: acaso baixo un ceo así pode haber xentes anoxadas e caprichosas? Esta é tamén unha pregunta de mozos, estimado lector, moi de mozos, mais oxalá o Señor vola faga chegar máis a miúdo á alma! Falando de señores caprichosos e anoxados, non puideron evitar lembrar o meu prudente comportamento de todo aquel día. Dende primeira hora da mañá, invadíume unha estraña melancolía. De súpeto, pareceume que a min, solitario, todos me abandonaban, que todos me rexeitaban. Por suposto, cada quen ten dereito a preguntar: quen son eses todos? Porque xa levo oito anos vivindo en San Petersburgo e apenas fun quen de facer amigos. Pero para que preciso eu amigos? Xa son amigo de San Petersburgo enteira, por iso me pareceu que todos me abandonaban cando toda San Petersburgo se ergueu e de súpeto marchou para a *dacha**. Tiven medo

* N. das T.: Casa de campo.

de ficar só e durante tres días enteiros deambulei pola cidade sumido nunha profunda anguria, sen entender ren do que me acontecía. Tanto se ía á Nevski ou a un xardín coma polo paseo ao carón do río, non achaba ningunha das persoas coas que adoitaba atoparme no mesmo lugar á mesma hora durante o resto do ano. Eles, por suposto, non me coñecen a min, pero eu coñézoos a eles. Coñézoos de preto; case aprendín as súas facianas, e recréome nelas cando están felices e apesárome cando se anubran. A piques estiven de facer amizade cun vello co que me atopo todos os días, sempre á mesma hora, no Fontanka. Ten unha fisionomía solemne e reflexiva; vai marmulando por baixo do nariz e acenando coa man esquerda, mentres que na dereita leva un bastón longo e cheo de nós co pomo de ouro. Incluso el reparou en min e tomou interese pola miña persoa. Se acontece que non me atopo á hora habitual no mesmo sitio do Fontanka, estou seguro de que se ha de pór melancólico. Por iso é que ás veces a pouco máis nos inclinamos o un ante o outro, especialmente cando ambos os dous andamos de bo ánimo. O outro día, cando levabamos dous días sen vernos e nos atopamos no terceiro, estivemos a piques de levar a man ao sombreiro, pero decatámonos a tempo, baixámola e pasamos un ao carón do outro con agrado. Tamén os edificios son coñecidos meus. Cando paso camiñando, semellan saír á rúa, un por un, correndo diante miña, ollando por todas as fiestras e case dicindo: «Bo día, como vai a saúde? Eu, a Deus grazas,


ando ben e en maio hanme botar outro piso». Ou: «Como se atopa? A min mañá comézanme unhas obras». Ou: «Por pouco me incendio e levo un bo susto» etc. Entre eles, teño os meus favoritos, teño amigos íntimos; un ten intención de que o vexa un arquitecto este verán. Pasarei a peto por alí todos os días para que non o revoquen de calquera xeito, que Deus o garde! Mais nunca esquecerei a historia dunha fermosa casiña de cor rosa claro. Era unha casiña de pedra tan bonitiña, que me miraba con tanta simpatía e miraba os seus fargallóns veciños con tanto orgullo, que se me enchía o corazón de ledicia cada vez que tiña que pasar por diante dela. De súpeto, a semana pasada, vou pola rúa e, ao ver a miña amiga, oio un berro queixoso: «Estanme pintando de amarelo!». Malvados! Bárbaros! Non perdoaron nada: nin as columnas nin as cornixas, e a miña amiga ficou amarela coma un canario. Case me reborda a bile polo incidente, e aínda non atopei forzas para ir ver a miña pobre desfigurada, que pintaron da cor do Imperio celestial*.

E así, comprende vostede, lector, de que xeito coñezo eu a San Petersburgo enteira.

Xa dixen que durante tres días me atormentou unha inquedanza, até que por fin adiviñei a súa causa. Na rúa sentíame mal (non está este, non está aquel, onde andaré o outro?) e na casa

* N. das T.: Refírese ao Imperio Chinés.

tampouco estaba eu no meu mellor momento. Durante dúas noites, cavilei: que me falta no meu recuncho? Por que me sentía tan incómodo ficando alí? E con perplexidade examinaba as miñas paredes verdes e cheas de feluxe, o teito cuberto de arañeiras que Matriona criaba con enorme éxito, revisaba todos os meus mobles, examinaba cada cadeira, pensando: nace aquí o meu tormento? (Porque, se por casualidade unha cadeira non está no sitio de onte, quedo amolado). Ollaba pola fiestra, e todo era en van... Non me sentía mellor! Ocorrúeseme incluso ir chamar a Matriona e darlle unha reprimenda paternal polas arañeiras e polo seu descoido xeral; pero ela só ollou para min sorprendida e marchou sen dicir palabra, polo que as arañeiras aínda penduran tranquilamente no seu sitio. Á fin, esta mañá decateime do que estaba a suceder. Eh! O que ocorre é que liscan de min para a *dacha*! Perdoade a trivialidade da expresión, pero non estaba entón para grandes discursos... porque todo o que había en San Petersburgo ou xa fora trasladado ou estaba por ser trasladado á *dacha*; porque todos os cabaleiros respectables e de aspecto distinguido que contrataban un cocheiro se convertían no intre ante os meus ollos en respectables homes de familia que, despois do servizo diario, se dirixían sen equipaxe ao miolo do seu fogar, á *dacha*; porque os transeúntes tiñan agora unha ollada moi especial que case lles dicía a aqueles cos que se cruzaban: «Señores, estamos aquí só de paso, pero en dúas horas marchamos para a *dacha*».



Este libro entrou no prelo o
19 de xaneiro de 2026.

